

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 19 de novembro de 2021 pola que se dá publicidade da concesión dos premios de investigación sobre VIH e/ou outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2021.*

Mediante a Resolución do 8 de setembro de 2021 (DOG núm. 181, do 20 de setembro), aprobáronse e publicáronse as bases reguladoras dos premios de investigación sobre VIH e/ou outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2021.

O xurado destes premios fixo unha revisión bibliográfica dos artigos que cumpren cos requisitos recollidos nas bases reguladoras, avaliándoos segundo os criterios de selección establecidos, tal como se recolle no artigo 8 das referidas bases.

O 10 de novembro, o xurado reuniuse para poñer en común a avaliación dos artigos científicos e propoñer, no acordo de concesión, as catro persoas galardoadas.

O 15 de novembro recibíuse a aceptación expresa das persoas propostas e a acreditación da súa vinculación a un centro ou institución galega incluído no ámbito de aplicación destas bases no momento da elaboración do artigo.

As ditas bases establecían no artigo 10 que a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) ditará a resolución do premio que será inapelable, e farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e das páxinas web do Servizo Galego de Saúde, [www.sergas.es](http://www.sergas.es), e da ACIS, [www.acis.sergas.gal](http://www.acis.sergas.gal)

Crédito orzamentario: catro mil cincocentos euros (4.500,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2021-12.A1-411A-480.00, proxecto 2018/00003, dos orzamentos do ano 2021 da ACIS:

- a) Primeiro premio cunha dotación de tres mil euros (3.000,00 €).
- b) Segundo premio cunha dotación de mil cincocentos euros (1.500,00 €).
- c) Primeiro accésit (sen dotación económica).



d) Segundo accésit (sen dotación económica).

No que se refire ás persoas investigadoras premiadas, véxase o anexo.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2021

Julio García Comesaña  
 Presidente da Axencia Galega para a  
 Xestión do Coñecemento en Saúde

ANEXO  
**Persoas premiadas**

Núm.	Persoas autoras	Título do artigo	Centro ou institución galega	Importe do premio
1º	Gómez Dacoba, Tamara	<i>Technological challenges in the preclinical development of an HIV nanovaccine candidate</i>	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica. Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago de Compostela	3.000,00 €
2º	Póveda López, Eva	<i>Massive release of CD9+ microvesicles in HIV infection, regardless of virologic control</i>	Grupo de Investigación en Viroloxía e Patoxénese. Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS) –Complejo Hospitalario Universitario de Vigo- Universidade de Vigo	1.500,00 €
1º Accésit	Margusino Framiñán, Luis	<i>Effectiveness and safety of sofosbuvir/velpatasvir ± ribavirina vs glecaprevir/pibrentasvir in genotype 3 hepatitis C virus infected patients</i>	Servizo de Farmacia. Complejo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) Grupo de Investigación de Viroloxía Clínica. Instituto de Investigación Biomédica A Coruña (INIBIC)-CHUAC-Universidade da Coruña.	–
2º Accésit	Lorenzo Pouso, Alejandro Ismael	<i>Awareness Levels of the Link Between Oropharyngeal Cancer and HPV Infection Among Spanish Women: a Hospital-Based Cross-sectional Study</i>	Area de Estomatoloxía. Facultade de Medicina e Odontoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en Patoloxía Oral Médico-Cirúrxica, Xerodontoloxía, Biomateriais e Innovación Tecnolóxica (MedOralRes) – Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)	–

